

É un vocábulo invariable que modifica o verbo (chegou *tarde*), o adxectivo (está *ben* cocido), un adverbio (viña *moi* lonxe) ou unha oración.

1.- Adverbios situacionais de **lugar**. Onde? **ulo,a,os,as?**

aquí aí alí :repouso, estado

acó .. aló :movemento

acá .. alá :repouso e movemento

acolá: usado moito como 2º termo dunha oposición

dentro / fóra ,arredor // cerca-preto / lonxe ,

arriba-enriba-derriba-encima / abaixo-embaixo-debaixo

adiante-diante-/ atrás-detrás, //velaí, velaquí,

algures, ningures, xalundes.

Algunhas locucións adverbiais: **a carón, ao pé, á beira, a rente(s), á dereita, á esquerda, a desmán, a contramán, en fronte , ..**

2.- Adverbios situacionais de **tempo**. Cando?

antano, hogano, sempre, decote,acotío, decotío, asemade

antonte/trasantonte (antes de antonte), onte, hoxe, mañá,

pasadomañá

antes, noutrora, agora-arestora, despois,decontado,

deseguida, enseguida, outrora

aínda, xa, mentres, nunca, xamais (endexamais) xacando,

antes, entón, logo, daquela, axiña, cedo/tarde

arreo, pronto, seguido, sempre.

Algunhas locucións adverbiais: **de contado, de camiño, a**

deshora, ás veces, aos poucos, a cotío, a miúdo, á tardiña, de

cando en vez, hoxe en día

3.- Adverbios nocionais de **modo**. Como?

-Adxectivos: **alto, baixo, doado, só...**

-Adxectivos co sufixo *-mente*: **comodamente, facilmente, soamente.**

-así, ben, mellor, como, gratis, mal, peor, devagar, engorde, paseniño, case, adrede, asemade...

Algunhas locucións adverbiais: **á/de presa,, a modo, a escape, ás**

carreiras, a eito, a feito, ao chou, ás toas, a treu, de balde, de

socato,a mantenta, a tergo, ...

4.- Adverbios nocionais de **cantidade e precisión**. Canto?

abondo, algo,apenas, bastante, ben, canto, case, dabondo,

demasiado, máis, menos, moito/moi, nada, pouco, só, tanto,

xusto.

Algunhas locucións: **a mares, ás mancheas, a encher, a esgalla, de máis, de menos, de sobra...**

5.- **Negación-afirmación-dúbida.**

Compórtanse sintacticamente de xeito diferente ao adverbio. Son as tres formas de presentar unha oración canto ao xuízo nela emitido: *negativo* (termo marcado), *positivo* ou *incerto*.

5.1.- **Negación**

5.1.1. **Total**: colócase **non** entre suxeito e verbo: *ti non vas*

-non si? = non? non é? tampouco ca! (categórico)

-Expletivo (non nega): *mira, se non é parvo..*

-nin.. nin..: coordinación negativa

5.1.2.- **Parcial**: un suxeito ou complemento negativo, non toda a oración.

nada, ningún, ningún, nunca, xamais.

5.2.- **Afirmación**. Se non hai marca negativa, calquera enunciado é de por si afirmativo (termo non marcado).

Nas respostas ha de repetirse o verbo: *chegaches cedo? -*

Cheguei.

Reforzos da afirmación: **si, si que, abofé, de seguro, claro, así é, así mesmo, con certeza, de certo, tamén, efectivamente, certamente, xaora....**

5.3.- **Dúbida**. Vale para a afirmación e para a negación.

acaso, quizá-quizais-quizabes, ao mellor, talvez, se cadra, se callar, seica, disque, igual, poida que...